

# O AECT Miño considera “insuficientes” as medidas de apertura da fronteira con Portugal e incrementará as protestas

Os 26 municipios pontevedreses e portugueses do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial AECT Río Miño veñen de convocar para este luns unha nova reunión con carácter urxente para analizar o que clasifican de “*total e persistente descoñecemento*” dos gobernos centrais de Madrid e Lisboa sobre a realidade do territorio miñoto, o de maior circulación de toda a fronteira ibérica. A intención do encontro, segundo apunta o vicedirector Uxío Benítez, é avanzar con novas accións de protesta en prol da defensa dos intereses das traballadoras e dos traballadores transfronteirizos e de transportes de mercadorías, así como das moitas empresas afectadas “*polo calvario diario de afunilamento no paso de Tui-Valença*”.

Este encontro entre os alcaldes e alcaldesas do AECT Río Miño xorde tras publicación do despacho polo Ministerio da Administración Interna do Goberno de Portugal que mantén a Ponte Internacional de Tui-Valença como o único punto de paso autorizado durante 24 horas, coa novidade da apertura parcial da ponte Arbo-Melgaço, tres horas no período da mañá e tres horas no período da tarde, ampliando ese mesmo horario parcial en Salvaterra-Monção.

As e os mandatarios de ambas as marxes do río Miño asumen de maneira unánime as dificultades froito da pandemia Covid-19 e a necesidade dunha actuación eficaz para o seu combate. Sen embargo, subliñan que a apertura da fronteira, de todos os

pasos *“en nada contradí o obxectivo de salvaguardar a saúde pública”*.

*“Este cambio nos pasos autorizados polo despacho é ‘lanzar area aos ollos’ dos alcaldes e alcaldesas e das súas poboacións, pois non satisfai en absoluto as pretensións anteriormente expostas, alén de manter o calvário de afunilamento de tránsito en Valença-Tui e de reiterar a indisponibilidade do Goberno de soportar os custos demáis puntos de paso autorizados controlados, querendotraspor para os traballadores grande parte desa carga”,* subliña Benítez, que engade que só se pretende facilitar o tránsito ás persoas autorizadas.

## **O vicedirector da AECT anuncia unha reunión urxente dos concellos miñotos para o vindeiro luns na que se decidirán novas medidas de presión**

Benítez destacou que non hai razón obxectivas para non abrir todos os pasos *“senón só razóns cicateiras que toman gobernos dende a lonxanía e sen coñecemento”*, polo que pediu un *“esforzo superior”* a Madrid e a Lisboa tanto en comprensión da realidade da fronteira miñota como á hora de dotar de medios os controis dos puntos de pasaxe autorizada.

Neste sentido, lembrou que a ponte de Tomiño–Vila Nova de Cerveira -que polo de agora permanecerá pechada tralos últimos cambios- é a 5ª con máis movemento de vehículos das 64 de toda a raia entre España e Portugal. Citou que nas inmediacións deste viaduto sitúase o parque empresarial de Cerveira, con 4.300 persoas traballadoras das que máis dun milleiro son galegas. *“Hai unha relación comercial umbilical entre unha e outra beira. Tui-Valença está a 16 quilómetros e A Guarda a 27 quilómetros. O paso a través da ponte da Amizade recurtaría as*

*distancias acumuladas que todo o persoal laboral ten que percorrer de maneira obrigada”, subliñou.*

**Non abrir todos os pasos é un castigo para exercer a súa actividade laboral aos milleiros de traballadores e traballadoras.**

*“Non abrir todos os pasos é un castigo para exercer a súa actividade laboral aos milleiros de traballadores e traballadoras que son considerados esenciais para a dinámica económica de ambos países”, insistiu o nacionalista, que destacou que a situación está a crear unha “enorme preocupación e inquietude tanto nos alcaldes, alcaldesas e presidentes de cámara como nos empresarios da zona e no transporte de mercadorías”.*

Apuntou que tras coñecerse a decisión do Ministerio da Administración Interna de Portugal, os municipios da fronteira xa recibiron un importante número de emails de traballadoras e traballadores transfronteirizos e de empresarios de grandes empresas *“para compartir o relatorio da súa situación, desgastado e aflitivo a nivel persoal, económico e profesional por ter que percorrer decenas de quilómetros de rodeos”.*

*“Unha vez máis, as poboacións da raia miñota están a ser tratadas como o ‘parente pobre’ polos Gobernos de Portugal e España”, finalizou Benítez.*

Audio – O AECT Miño considera “insuficientes” as medidas de

abertura da fronteira: